

Xuventur 2019

PROGRAMA DE EDUCACIÓN NON FORMAL

PARA A MOXIDADE EN ALOXAMENTOS TURÍSTICOS
DE GALICIA SITUADOS NO MEDIO RURAL



XUVENTUDE 2019



XUNTA DE GALICIA

Xuventur 2019

Programa de educación non formal
para a mocidade en aloxamentos turísticos
de Galicia situados no medio rural

MEDIO RURAL AVENTURA APRENDIZAXE EXPERIENCIA CONVIVENCIA

Que é “Xuventur”?

A **Consellería de Política Social**, a través da **Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado**, e a **Consellería de Cultura e Turismo**, a través da Axencia Turismo de Galicia poñen en marcha unha nova edición do programa **“Xuventur”**.

Trátase dun programa de actividades de educación non formal para desenvolver en aloxamentos turísticos de Galicia situados no medio rural, en estancias de fin de semana, que sirva tanto para a adquisición de competencias e habilidades por parte da mocidade como para fomentar o coñecemento da riqueza natural e patrimonial de Galicia, o coidado do medio ambiente e o ocio educativo.

Ofrécense distintas alternativas de participación nos meses de outubro e novembro, cunha oferta total próxima ás **600** prazas.

QUEN PODE PARTICIPAR?


“Xuventur” está dirixido á xente nova empadroada en Galicia que teña entre **18 e 35 anos** no momento da solicitude e queira gozar dun programa de actividades de educación non formal nos espazos naturais da nosa Comunidade Autónoma.

OBXECTIVOS

- Mellorar as competencias e habilidades da xuventude a través da educación non formal.
- Facilitar que as mozas e mozos galegos participantes coñezan a xeografía e patrimonio natural, cultural e etnográfico de Galicia, promovendo o seu respecto e posta en valor.
- Proporcionar á xente nova a oportunidade de vivir a experiencia do turismo rural galego.
- Promover a educación ambiental e o ocio saudable.

O PROGRAMA, QUE É GRATUÍTO, INCLÚE:


- Aloxamento en establecementos rurais (noites de venres e sábado). A asignación de cuartos será de libre disposición, o que supón que haberá que compartir os que sexan de dúas prazas.
- Manutención completa dende a cea do venres ata o almorzo do domingo.
- Programa de actividades, equipo técnico responsable, así como o material preciso para o seu desenvolvemento (no suposto de mal tempo levaranse a cabo actividades alternativas).
- **O desprazamento ata os aloxamentos vai por conta das persoas que participan**, tanto o día de incorporación como o día do remate da actividade.



CONDICIÓN DE PARTICIPACIÓN

- Cada persoa solicitante só poderá elixir un programa e unha quenda, se ben no caso de que queden prazas libres, ofreceráselle aos mozos e mozas que presentaran xa unha solicitude de participación a posibilidade de inscribirse noutro programa no que haxa vacantes.
- As persoas mozas participantes terán que **respectar os horarios establecidos**.
- Durante a estancia nos aloxamentos, **respectarase as normas de organización interna** en cada un deles.
- **As persoas organizadoras reservaranse o dereito a cambiar algunha parte do programa ou servizo**, incluso de cancelalo en caso de que sexa necesario por seguridade das persoas participantes.
- A realización e o **desenvolvemento das actividades estará condicionado polas condicións meteorolóxicas**.
- **A Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado poderá cancelar calquera dos programas**, en caso de que non exista un número mínimo de participantes.

- Se calquera das **persoas participantes incumpra as normas xerais que alteren o desenvolvemento normal da viaxe**, poderán ser expulsadas da súa participación na actividade correspondente.
- Será necesario levar a **tarxeta sanitaria e o DNI** durante os días de realización do programa.
- A incorporación realizarase o venres pola tarde antes das 21:00 h, e a saída será ao remate da actividade, que será sempre os domingos antes do xantar (consultar o programa de cada actividade para saber o horario específico)
- **A participación no programa supón a aceptación das condicións deste**. Noutro caso poderá excluírse do programa á persoa participante que incumpra as devanditas condicións.



MATERIAL NECESARIO

Útiles de aseo, roupa axeitada (usada e cómoda), prendas de abrigo e chuvia, calzado deportivo (forte e cómodo) e mochila.

É importante que a roupa e o calzado sexan axeitados para as actividades do programa elixido. En cada programa figuran as indicacións a este respecto.

PRAZAS

O número de prazas dispoñibles en cada unha das opcións e fins de semana é de 18.

INSCRICIÓNS E RESERVAS

- A reserva de praza efectuarase **unicamente a través do formulario de inscrición** que se pode [descargar neste enlace](#).
- **As prazas asignaranse por estrita orde de inscrición.**
- **A confirmación da praza farase por correo electrónico no prazo de tres días tras realizar a inscrición.** Unha vez confirmada a praza haberá un prazo de 48 horas para remitir por correo electrónico **a fotocopia escaneada do DNI**. Esta documentación debe enviarse ao enderezo de **correo electrónico xuventude.programas@xunta.gal indicando no asunto o programa ao que está inscrito.**

Aviso: a ausencia de datos, que estes sexan erróneos, enviar mal a documentación ou non enviala ocasionará a baixa automática do programa e as prazas quedarán dispoñibles para as persoas en lista de reserva.

PRAZO DE INSCRICIÓN

O prazo de inscrición comezará o día **23 de setembro ás 9:00 h.**

ADXUDICACIÓN DAS PRAZAS

As prazas adxudicaranse, como se dixo anteriormente, **por rigorosa orde de chegada dos formularios de inscrición** ata esgotar todas as dispoñibles por programa.

No formulario de confirmación de solicitude, **só se poderá elixir unha quenda**, se ben no caso de que queden prazas libres, ofrecerá-selle aos mozos e mozas que presentaran xa unha solicitude de participación a posibilidade de inscribirse noutro programa no que haxa vacantes.

Os/as participantes admitidos/as que por calquera causa non poidan finalmente asistir ás actividades, deberán comunicalo á Dirección Xeral Xuventude, Participación e Voluntariado a través dun correo electrónico (xuventude.programas@xunta.gal) cunha antelación mínima de 5 días naturais a data de inicio do programa, co fin de poder asignar as prazas vacantes aos solicitantes da lista de espera.

De non facelo así quedarán excluídos da participación en sucesivas edicións deste programa e nos demais que poña en marcha a Dirección Xeral Xuventude, Participación e Voluntariado.



PROGRAMAS

OUTUBRO



Programa 1

AVENTURA & AUTODESCUBRIMENTO

Surf, actividades de aventura e de introspección, reflexión persoal e cooperación.

📍 **En Valdoviño (Ferrolterra-Eume, A Coruña).**

ACTIVIDADES: iniciación ao surf no Panting Surf Camp, roteiro de orientación, xogo de rol, xogo límite, dinámicas de coñecemento e autodescubrimiento e visita ambientada á contorna.

DATAS: do 4 ao 6 de outubro, do 11 ao 13 de outubro, do 18 ao 20 de outubro e do 25 ao 27 de outubro (venres a domingo).


HORARIO: entrada 19:30 h do venres e saída 13:30 h do domingo.

PRAZAS: 18 en cada quenda.

MATERIAL INDISPENSABLE: bañador, toalla, calzado impermeable e cómodo para camiñar (preferentemente botas de sendeirismo), chuvasqueiro, cantimplora e mochila de ruta. Ademais, crema solar e gorra para o sol.

ALOXAMENTO: Hotel A Roda, Lugar Praia do Río Lavacerido, Meirás (San Vicente), 15552 Valdoviño.

[A RODA](#) ➡



Programa 2

NATUREZA AUDIOVISUAL E 3D

Actividades de creatividade e novas tecnoloxías no medio natural da contorna dos Ancares.

📍 **En Cervantes (Lugo).**

ACTIVIDADES: Workshop e obradoiros de uso das novas tecnoloxías de imaxe e son para a creación de vídeos e reportaxe gráfica con fotografía 360º sobre flora e fauna dos Ancares, etnografía (costumes, entrevistas), monumentos naturais, etnográficos, artísticos., veladas e ruta polos Ancares.

DATAS: do 4 ao 6 de outubro, do 11 ao 13 de outubro, do 18 ao 20 de outubro e do 25 ao 27 de outubro (venres a domingo).

HORARIO: entrada 20:00 h do venres e saída 13:00 h do domingo.

PRAZAS: 18 en cada quenda.

MATERIAL INDISPENSABLE: calzado cómodo para camiñar, roupa cómoda, roupa de abrigo, bolsa de aseo, cámara de fotos se téis; portátil se téis.

ALOXAMENTO: Hotel Piornedo, Donís (San Fiz), Piornedo, 27664 Cervantes, Lugo.

[PIORNEDO](#) ➡



Programa 3

MULTIAVENTURA EN TERRA DE TRIVES

Actividades multiaventura e de inmersión e coñecemento do patrimonio natural e cultural.

📍 Na comarca de Terra de Trives, Ourense.

ACTIVIDADES: BTT, raid fotográfico, xeo-captura con XPS, tiro con arco, piscina, obradoiro de gamificación Crea o teu avatar.

DATAS: do 4 ao 6 de outubro, do 11 ao 13 de outubro, do 18 ao 20 de outubro e do 25 ao 27 de outubro (venres a domingo).

HORARIO: entrada 20:00 -21:00 h do venres e saída 13:30 h do domingo.

PRAZAS: 18 en cada quenda.

MATERIAL INDISPENSABLE: mochila pequena, chancletas, toalla, bañador, roupa cómoda, botas de montaña ou calzado cómodo, roupa de abrigo, chubasqueiro.

ALOXAMENTO: Hotel As Maceiras, San Lourenzo, 32788, A Pobra de Trives, Ourense.

[AS MACEIRAS](#) ➡



Programa 4

A NATUREZA QUE TE COIDA

Actividades de crecemento persoal e disfrute no medio rural.

📍 No concello de Covelo (Baixo Miño, Pontevedra).

ACTIVIDADES: obradoiro de estrelas, obradoiro de elaboración de produtos naturais de limpeza doméstica e coidado corporal, ruta de sendeirismo interpretada (baño de bosque: Shinrin-yoko), visita ás Termas de Salvaterra do Miño, actuacións no mundo das plantas aromáticas e medicinais, obradoiro de ioga integral.

DATAS: do 4 ao 6 de outubro, do 11 ao 13 de outubro, do 18 ao 20 de outubro e do 25 ao 27 de outubro (venres a domingo).

HORARIO: entrada de 19:00 h do venres e saída 13:00 h do domingo.

PRAZAS: 18 en cada quenda.

MATERIAL INDISPENSABLE: prenda cortaventos e impermeable, prenda de abrigo, pantalón cómodo, gorro ou sombreiro. Botas de montaña ou o calzado que máis se aproxime. Outro calzado para cambiarse en caso de que se molle o de monte. Bañador e toalla para ir ás termas. Cantimplora ou similar. Mochila pequena para as saídas. Roupa cómoda para facer loga. Un chándal frouxo, mallas...

ALOXAMENTO: Lugar dos Devas, Cernadela 4, 36873 (Covelo, Pontevedra).

[LUGAR DOS DEVAS](#) ➡

PROGRAMAS

NOVEMBRO



Programa 5

CAMIÑOS NATURAIS, CAMIÑOS VITAIS

Actividades de entrenamiento de habilidades e ecoturismo pola Costa da Morte.

📍 En Carnota (A Coruña).

ACTIVIDADES: dinámicas de presentación e coñecemento, sendeirismo polo Monte Pindo, cascada do Ézaro e Xallas, Lego Serious play, dinámica de liderado a través do xogo, xornada de limpeza de plásticos e lixo na praia.

DATAS: do 1 ao 3 de novembro, do 8 ao 10 de novembro, do 15 ao 17 de novembro e do 22 ao 24 de novembro (venres a domingo).

HORARIO: entrada 20:00 h do venres e saída 14:00 h do domingo.

PRAZAS: 18 en cada quenda.

MATERIAL INDISPENSABLE: mochila cómoda, chancletas, toalla de baño, bañador, roupa e calzado cómodo, chuvasqueiro e roupa de abrigo.

ALOXAMENTO: Pensión o Prouso, Praza San Gregorio 5, 15293 Carnota, A Coruña.

[O PROUSO](#) ➡



Programa 6

AVENTURA DENDE AS EMOCIÓN

Actividades de achegamento á intelixencia emocional e de aventura.

📍 Na Estrada (Pontevedra).

ACTIVIDADES: dinámicas de presentación e autocoñecemento, de identificación e representación de emocións, rafting, xincana, xogo de escapismo A casa de papel.

DATAS: do 1 ao 3 de novembro, do 8 ao 10 de novembro, do 15 ao 17 de novembro e do 22 ao 24 de novembro (venres a domingo).

HORARIO: entrada 20:00 h do venres e saída 14:00 h do domingo.

PRAZAS: 18 en cada quenda.

MATERIAL INDISPENSABLE: mochila cómoda, chancletas, toalla de baño, bañador, roupa e calzado cómodo, chuvasqueiro e roupa de abrigo.

ALOXAMENTO: Casa do Lagoeiro, Lugar de Villar 17, 36680 A Estrada (Pontevedra).

[A CASA DO LAGOEIRO](#) ➡



Programa 7

DESCUBRINDO O XEOPARQUE DO COUREL

Actividades de turismo activo e de coñecemento dos paraxes naturais.

📍 No Courel (Lugo).

ACTIVIDADES: adentrarse no mundo da espeleoloxía nas covas de Arcoia e de Buraca das Choias, taller de rappel e barranquismo no barranco de Eiriz.

DATAS: do 1 ao 3 de novembro, do 8 ao 10 de novembro, do 15 ao 17 de novembro e do 22 ao 24 de novembro (venres a domingo).

HORARIO: entrada 20:00 h do venres e saída 14:00 h do domingo.

PRAZAS: 18 en cada quenda.

MATERIAL INDISPENSABLE: roupa deportiva e cómoda, bañador, toalla e calzado deportivo con boa suela.

Precisamos saber estatura, peso e número de pé, para poder achegar os buzos e traxes de neopreno a medida.

ALOXAMENTO: Acampamento O Caurel, Lugar de Esperante, 27325 Folgoso do Courel, Lugo.

[ACAMPAMENTO O CAUREL](#) ➡



Programa 8

NATURALMENTE OUTONO

Actividades de inmersión no mundo natural.

📍 No Parque Natural do Xurés (Ourense).

ACTIVIDADES: roteiro polo Parque Natural Baixa Limia Serra do Xurés, recoñecemento in situ de especies de flora e fauna do Parque Natural, visita e baño nas termas mineromedicinais de Lobios, roteiro micolóxico, recoñecemento de cogumelos comestibles, obradoiros de plantas medicinais: manexo, recoñecemento, usos.

DATAS: do 1 ao 3 de novembro, do 8 ao 10 de novembro, do 15 ao 17 de novembro e do 22 ao 24 de novembro (venres a domingo).

HORARIO: entrada 18:00- 20:00 h do venres e saída 13:00 h do domingo.

PRAZAS: 18 en cada quenda.

MATERIAL INDISPENSABLE: mochila pequena, chancletas, toalla de baño, bañador, roupa cómoda e de abrigo, chubasqueiro, botas de montaña ou calzado cómodo para camiñar; cesta e navalla micolóxica.

ALOXAMENTO: Aviva Proxectos Rurais, Tulla 59 Maus de Salas, 32880 Muíños, Ourense.

[AVIVA AVISO LEGAL](#) ➡

galicia



Xacobeo 2021



XUNTA
DE GALICIA